



# AGRUPACIÓN ESTRATÉGICA CITEEC



## REGULAMENTO DE FUNCIONAMENTO



UNIVERSIDADE DA CORUÑA

## SUMARIO

<b>TÍTULO I</b> .....	<b>4</b>
<b>Natureza e finalidades da Agrupación CITEEC</b> .....	<b>4</b>
Artigo 1. Natureza .....	4
Artigo 2. Finalidade, valor e obxectivos estratéxicos .....	4
<b>TÍTULO II</b> .....	<b>6</b>
<b>Estrutura e gobernanza</b> .....	<b>6</b>
Artigo 3. Composición .....	6
Artigo 4. Sede da agrupación e instalacións .....	6
Artigo 5. Estrutura de gobernanza .....	7
Artigo 6. Coordinación xeral .....	7
Artigo 7. O Comité Executivo .....	8
Artigo 8. O Comité Científico .....	9
Artigo 9. A Comisión Reitora .....	10
Artigo 10. O Comité Asesor Científico Externo .....	10
Artigo 11. Equipo de xestión .....	11
Artigo 12. Toma de decisións .....	12
<b>TÍTULO III</b> .....	<b>13</b>
<b>Do réxime económico</b> .....	<b>13</b>
Artigo 13. Recursos económicos .....	13
Artigo 14. Captación de recursos adicionais .....	13
Disposición final .....	13

**Aprobado en Consello de Goberno do 3 de abril de 2019**

A Agrupación CITEEC é unha agrupación estratéxica do Sistema Universitario de Galicia recoñecida pola Xunta de Galicia de acordo coa Resolución do 24 de outubro de 2018 pola que se conceden as axudas da Orde do 4 de xullo de 2018, modificada pola Orde do 9 de outubro de 2018, pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, das axudas para a mellora, a creación, o recoñecemento e a estruturación de agrupacións estratéxicas do Sistema Universitario de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o exercicio 2018.

Esta agrupación potencia e consolida un polo de excelencia en I+D+i e transferencia singular e é único no Sistema Universitario de Galicia no ámbito da edificación e enxeñaría civil. Focalízase en sectores clave para o desenvolvemento, como a auga, o medio natural, as enerxías limpas, os novos materiais e estruturas, a mobilidade sustentable, a simulación ou a economía circular, entre outros, en colaboración directa co tecido empresarial e con axentes nacionais e internacionais. Os retos da agrupación abórdanse dende a perspectiva da inclusividade social, para favorecer o desenvolvemento humano accesible, sustentable e integrado co medio, en liña cos Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS) das Nacións Unidas.

O eixe básico e diferenciador da agrupación é o Centro de Innovación Tecnolóxica en Edificación e Enxeñaría Civil, o CITEEC. Trátase dunha infraestrutura singular que está á vangarda internacional da tecnoloxía e a experimentación en edificación e enxeñaría civil. Situado no Campus de Elviña da Universidade da Coruña, é, sen dúbida, un dos centros máis avanzados da UE no seu campo de actividade.

Por último, dende o punto de vista institucional, esta agrupación constitúe unha ferramenta clave para impulsar a investigación e a transferencia asociadas ás principais áreas e liñas de especialización definidas nos campus de especialización da Universidade da Coruña: o Campus Sustentabilidade e o Campus Innova.

# TÍTULO I

## Natureza e finalidades da Agrupación CITEEC

---

### Artigo 1. Natureza

1. A Agrupación CITEEC é unha estrutura organizativa sen fórmula xurídica propia ou diferenciada da Universidade da Coruña e especializada na investigación e a transferencia no sector da edificación e enxeñaría civil.
2. A Agrupación CITEEC está adscrita á Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC.

### Artigo 2. Finalidade, valor e obxectivos estratéxicos

3. A finalidade da Agrupación CITEEC é mellorar e intensificar a investigación e a transferencia de coñecemento no ámbito da edificación, da enxeñaría sustentable e civil, dende a óptica da análise experimental e con sólido apoio numérico, acorde ás prioridades da Estratexia RIS3 e da Estratexia Española de Ciencia e Tecnoloxía e da Estratexia Europea no H2020.
4. O valor principal é fomentar o desenvolvemento dunha edificación e enxeñaría civil sustentable, cunha contribución clara á mellora do medio mediante proxectos de investigación e transferencia que
  - a) Valoricen o talento humano investigador
  - b) Favorezan a perspectiva de xénero
  - c) Redunden nunha mellora da competitividade das empresas e na xeración de riqueza, co que contribuirá ao

desenvolvemento local e retornará á sociedade os recursos que esta achega á universidade e ao propio CITEEC.

5. Os obxectivos estratéxicos iniciais para o 2018–2020 son os seguintes:

- a) Potenciar a investigación na área da edificación e enxeñaría civil desde unha perspectiva sustentable e con impacto científico recoñecible.
- b) Reforzar o posicionamento e a notoriedade da marca CITEEC.
- c) Dotar a agrupación dunha estrutura e gobernanza áxil e integradora.
- d) Acadar a sustentabilidade económica e autonomía financeira da Agrupación CITEEC.
- e) Acadar un posicionamento internacional acorde á capacidade científico–tecnolóxica da agrupación.
- f) Reforzar a incorporación de talento predoutoral e posdoutoral, nacional e internacional.

## TÍTULO II

### Estrutura e gobernanza

---

#### Artigo 3. Composición

1. A Agrupación CITEEC está composta por oito grupos de investigación da Universidade da Coruña:
  - a) Grupo de Métodos Numéricos en Enxeñaría – CMNI – Código G000177.
  - b) Grupo de Enxeñaría da Auga e do Medio Ambiente – GEAMA. Código G000256.
  - c) Grupo de Construción – GCONS. Código G000261.
  - d) Grupo de Ferrocarrís e Transportes – FERROTRANS. Código G000284.
  - e) Grupo de Enxeñaría e Dirección de Proxectos – GRIDP. Código 000355
  - f) Grupo de Estruturas Arquitectónicas – GEA. Código G000399.
  - g) Grupo de Mecánica de Estruturas – ME. Código G000455.
  - h) Grupo de Estradas, Xeotecnia e Materiais – CGM. Código G000602.

Esta composición poderá modificarse mediante acordo no Comité Executivo.

#### Artigo 4. Sede da agrupación e instalacións

1. A sede e as instalacións da Agrupación CITEEC atópanse no edificio do CITEEC, fundamentalmente, así como nas dependencias que

habitualmente empregan as persoas que integran os grupos de investigación na Escola Técnica Superior de Enxeñaría de Camiños, Canais e Portos, na Escola Técnica Superior de Arquitectura e na Escola Politécnica Superior.

2. O uso dos laboratorios que compoñen actualmente o CITEEC realizarase conforme ás súas normas de xestión.

## Artigo 5. Estrutura de gobernanza

A estrutura de gobernanza da Agrupación está formada por:

- Coordinación xeral
- Comité Executivo
- Comité Científico
- Comisión Reitora
- Comité Asesor Científico Externo
- Equipo de Xestión

## Artigo 6. Coordinación xeral

1. A coordinación xeral da Agrupación realizarase a través da persoa coordinadora nomeada pola Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia da UDC.
2. Son competencias da persoa coordinadora as seguintes:
  - a) Liderar e velar polo cumprimento dos obxectivos, as accións e os compromisos da Agrupación.
  - b) Exercer a representación externa directamente ou ben na persoa que delegue.
  - c) Convocar e presidir as reunións do Comité Executivo da Agrupación.
  - d) Ordenar a execución dos acordos adoptados polo Comité Executivo.
  - e) Realizar a memoria anual de actividades.

f) Aqueles outros inherentes ao seu cargo e que lle sexan encomendados polo Comité Executivo.

3. Estará apoiada polo equipo de xestión. Este equipo dará soporte na xestión e na administración da Agrupación. Así mesmo, poderá estar asistida por outras colaboracións ou servizos de apoio externos.

## Artigo 7. O Comité Executivo

1. O Comité Executivo estará constituído pola persoa coordinadora da Agrupación, ou en quen delegue, que a presidirá, e por un representante de cada grupo de investigación (oito persoas). Ademais, designará a persoa que actuará como secretario/a.
2. O nomeamento de integrantes do Comité Executivo será realizado pola Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia a proposta da persoa coordinadora e dos grupos de investigación da Agrupación, que designarán unha persoa representante e unha substituta en cada caso.
3. Son competencias do Comité Executivo:
  - a) Planificar a estratexia xeral da Agrupación.
  - b) Aprobar e contribuír no desenvolvemento do plan estratéxico e do plan de actividades da Agrupación e velar polo seu cumprimento.
  - c) Acordar accións para a xestión e a formación dos recursos humanos da agrupación, a captación de recursos e o apoio á transferencia.
  - d) Aprobar as persoas integrantes do Comité Científico e do Comité Asesor Científico Externo.
  - e) Aprobar a memoria anual de actividades.
  - f) Aprobar as posibles actualizacións do actual regulamento de funcionamento.
  - g) Seleccionar representante do Comité Executivo na Comisión Reitora.

4. O Comité Executivo reunirase, polo menos bimestralmente por convocatoria da persoa coordinadora ou por petición, como mínimo, da terceira parte das persoas integrantes.

## Artigo 8. O Comité Científico

1. O Comité Científico estará constituído pola persoa coordinadora da Agrupación, ou en quen delegue, e por representantes de cada prioridade científica da Agrupación. Actuará como presidenta/e a persoa do Comité Científico seleccionada polo Comité Executivo e como secretaria/o a persoa que se designe pola Presidencia.
2. O nomeamento das persoas integrantes do Comité Científico será realizado polo Comité Executivo da Agrupación.
3. Son competencias do Comité Científico:
  - a) Planificar a axenda científica de investigación e innovación da Agrupación.
  - b) Aprobar e revisar as prioridades científicas da Agrupación e definir os programas científicos de cada unha delas.
  - c) Coordinar os proxectos colaborativos interdisciplinares de cada unha das prioridades científicas.
  - d) Xestionar a relación ordinaria dos integrantes do Comité Asesor Científico Externo.
  - e) Seleccionar presidenta/e, de entre os seus membros, do Comité Científico Asesor Científico Externo.
  - f) Seleccionar representante do Comité Científico na Comisión Reitora.
4. O Comité Científico reunirase, polo menos, bimestralmente por convocatoria do/a presidente/a ou por petición, como mínimo, da terceira parte das persoas representantes das prioridades científicas (actualmente, de dúas prioridades científicas).

## Artigo 9. A Comisión Reitora

1. A Comisión Reitora estará presidida pola persoa responsable da Secretaría Xeral de Universidades da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional ou en quen delegue, e constituída polo vicerreitor ou vicerreitora de Política Científica, Investigación e Transferencia, ou en quen delegue, pola persoa coordinadora da Agrupación CITEEC, por unha persoa en representación do Comité Executivo e outra do Comité Científico, pola persoa coordinadora do CITEEC e polas directoras ou directores do Campus Sustentabilidade e Campus Innova. Actuará como secretario/a a persoa que designe a presidencia.
2. As persoas da Universidade que integren esta Comisión Reitora serán nomeadas pola Vicerreitoría de Política Científica, Investigación e Transferencia.
3. Son competencias da Comisión Reitora:
  - a) Aprobar o plan estratéxico da agrupación e do seu programa xeral de actividades.
  - b) Avaliar e aprobar a memoria anual de actividades da Agrupación.
  - c) Asegurar a coordinación da Agrupación cos campus de especialización de Sustentabilidade e Innova, así como co resto das estruturas organizativas da Universidade da Coruña.
  - d) Aprobar, a proposta da persoa coordinadora da Agrupación, a composición e a modificación do resto dos órganos de xestión da Agrupación.
4. A Comisión Reitora reunirse semestralmente.

## Artigo 10. O Comité Asesor Científico Externo

1. O Comité Asesor Científico Externo estará constituído por representantes institucionais e empresariais de recoñecido prestixio nas prioridades científicas da Agrupación. As persoas representantes serán propostas e aprobadas polo Comité Executivo.

2. O Comité Asesor Científico Externo terá unha Presidencia, que ocupará alguén membro do Comité Executivo e que actuará de enlace entre este e o Comité Asesor.
3. Son competencias do Comité Asesor Científico Externo:
  - a) Asesorar sobre a estratexia xeral da Agrupación, en especial en canto á súa orientación científica.
  - b) Establecer un vínculo permanente coa industria e os tecidos produtivos para identificar necesidades e retos en relación coa axenda científica da Agrupación.
  - c) Favorecer fórmulas de colaboración nos ámbitos da I+D e a transferencia.
  - d) Asesorar sobre a estratexia de impulso de talento e proxección científica internacional.
  - e) Orientar a creación de coñecemento de fronteira de acordo coas tendencias internacionais.
4. O Comité Asesor Científico Externo reunirse, polo menos, unha vez ao ano por convocatoria da Presidencia ou da persoa en quen delegue.

## Artigo 11. Equipo de xestión

1. A súa función será dar apoio na implementación das accións previstas e aprobadas no plan estratéxico para o desenvolvemento da Axenda Científica da Agrupación.
2. O equipo de xestión dependerá directamente da persoa coordinadora da Agrupación, quen establecerá a súa organización interna e as diferentes unidades de apoio transversais nas que se estructure.
3. Estableceranse os mecanismos de coordinación necesarios para asegurar unha efectiva relación coas diferentes estruturas organizativas da Universidade da Coruña relacionadas.

## Artigo 12. Toma de decisións

1. O Comité Executivo, o Comité Científico e a Comisión Reitora, como órganos colexiados de xestión da Agrupación, quedarán validamente constituídos sempre que concorran un terzo das persoas representantes, na primeira convocatoria ou, transcorrida media hora, en segunda convocatoria, con calquera número de asistentes con dereito a voto.
2. Os acordos adoptaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas.

## TÍTULO III

### Do réxime económico

---

#### Artigo 13. Recursos económicos

A dotación económica da Agrupación CITEEC no período 2018–2020 é de 400 000 euros, de acordo coa Resolución de concesión do 24 de outubro de 2018 da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional.

#### Artigo 14. Captación de recursos adicionais

Co fin de desenvolver os obxectivos e as accións, a Agrupación CITEEC poderá beneficiarse de accións de doazón, de mecenado e de patrocinio que se leven a termo no marco de convenios ou acordos que subscriban terceiros coa Universidade da Coruña, de conformidade coa normativa que proceda.

#### Disposición final

Este regulamento entrará en vigor o día seguinte da súa PUBLICACIÓN NO Taboleiro Electrónico Oficial da UDC.

ENXEÑARÍA CIVIL  
E EDIFICACIÓN  
SUSTENTABLES  
E INNOVADORAS

[www.udc.es/citeec](http://www.udc.es/citeec)



**Agrupación estratéxica**  
Centro de Innovación Tecnolóxica  
en Edificación e Enxeñaría Civil

Campus de Elviña, S/N.  
15008 A Coruña

T: 981 167 000 Ext. 5185 | F: 981 167 179

